

Área: Competicións

Circular nº 21 - Temp. 20/21

### TROCOS DE BANCO DURANTE OS DESCANSOS

Na reunión de Coordinadores/as de Protocolo celebrada o pasado 30-10-20, tratouse o tema dos cambios de banco durante os descansos dos encontros, deixouse claro que o Protocolo FISICOVID DXT-GALEGO da Federación Galega de Balonmán desaconsella a realización do troco, a non ser que o club local teña medios suficientes para a desinfección dos bancos.

Varios coordinadores/as comentaron que en certas categorías nas que están permitidos os cambios ataque-defensa, a circunstancia de non realizar cambio de campo podía influír notablemente na estratexia táctica dos equipos, dificultando ou favorecendo cambios curtos en función dos intereses do equipo locatario.

Dende a Federación Galega de Balonmán comprobamos que nas últimas xornadas nas que xa empezamos a competir por obxectivos deportivos claros, este está a ser un tema polémico que levanta suspicacias a cerca do espírito do xogo limpo.

Co fin de aclarar esta circunstancia, a Federación Galega de Balonmán dende o departamento de competicións e Protocolo FISICOVID DXT-GALEGO, determina que:

1. **Nas categorías xuvenís e sénior**, sexa obrigatorio o cambio de banco nos descansos dos encontros, facéndose imprescindible tamén a desinfección dos mesmos por parte do equipo locatario.
2. **Nas categorías cadetes e inferiores**, será o equipo locatario o que decida se hai cambio de banco ou non (dependendo das posibilidades de desinfección), tendo a obriga de comunicalo ao equipo arbitral e visitante antes do comezo do encontro. Nos casos nos que haxa diferentes condicións de xogo nas dúas áreas: incidencias coa luz solar, goteiras, etc..., será obrigatorio realizar cambio de campo; para isto, o equipo locatario debe poñer en coñecemento antes do encontro ao equipo arbitral e visitante sobre as particularidades que se poidan dar na súa instalación.

Aproveitamos para recordar tamén os seguintes puntos relativos ao uso dos bancos:

- Os/as deportistas non deben deixar prendas persoais enriba do banco, se non dentro da súa bola ou mochila debidamente recollidos.
- A distancia interpersoal entre os/as deportistas que ocupan o banco debe ser de 1,5 metros, poñendo cadeiras adicionais si é necesario ao longo da banda de xogo.

Por favor, rogamos que se respecten as medidas

En Vigo a 25 de Marzo de 2021.